

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 10 DE FEBREIRO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA INTERINA:

D^a Laura Garcia Santiago

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día dez de febreiro do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora interina, D^a Laura Garcia Santiago e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 3 DE FEBREIRO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 3 de febreiro de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 3 de febreiro de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaría xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Servizo de Vías e Obras da excma. Deputación provincial da Coruña, bases reguladoras, en réxime de concorrencia, do programa extraordinario de subvencións a concellos para realizar actuacións de

investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025 (DP0046/2025). BOP número 23, de 04.-02-2026.

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Orde de 13 de xaneiro de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrência competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede a súa convocatoria para a ano 2026 (código de procedemento PR460D). DOG número 23, de 04-02-2026.

- Consellería do Medio Rural, Orde de 30 de decembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2026 das axudas para actuacións en camiños rurais no período 2026-2027, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 de España, en réxime de concorrência non competitiva mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E). DOG número 24, de 05-02-2026.

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Orde de 16 de xaneiro de 2026, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrência non competitiva e da liña en concorrência competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D). DOG número 25, de 06-02-2026.

- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Orde de 15 de xaneiro de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións dirixidas a incrementar a ecoeficiencia na xestión dos residuos de competencia municipal, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027, cunha taxa de cofinanciamento do 60% do gasto elixible para o ano 2026 (código de procedemento MT975X). DOG número 25, de 06-02-2026.

- Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE número 34, de 07-02-2026.

- Axencia Galega das Industrias Culturais, Resolución de 9 de decembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrência non competitiva, do programa Cultura no Camiño, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes Camiños de Santiago, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento CT302B). DOG número 27, de 10-02-2026.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 2 de febreiro de 2026 ao 5 de febreiro de 2026, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 79/2026 e rematan coa resolución da concelleira delegada da Área de

Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo núm. 100/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
79/2026	02-02-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de febreiro de 2026
80/2026	02-02-2026	Cesar con data 2 de febreiro de 2026 ao policía local GML na comisión de servizos voluntaria que viña prestando no posto de policía local vacante deste concello por petición expresa
81/2026	02-02-2026	Aprobar os gastos correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de decembro de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos e o seu pagamento, por importe total de 62.346,20 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de decembro de 2025 por importe de 17.437,65 euros
82/2026	02-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JLMA
83/2026	02-02-2026	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Comisión Informativa Permanente de Presidencia, Seguridade, Urbanismo, Obras, Servizos e Medio Ambiente do día 3 de febreiro de 2026
84/2026	02-02-2026	Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Voceiros de data 3 de febreiro de 2026
85/2026	03-02-2026	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno Municipal de data 6 de febreiro de 2026
86/2026	03-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JCFP
87/2026	03-02-2026	Considerar desistida a PVM da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 18/11/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
88/2026	03-02-2026	Considerar denegada na solicitude do servizo de axuda no fogar por traslado da súa residencia o centro de maiores García Hermanos no concello de Betanzos. Solicitante: MdelCSH
89/2026	03-02-2026	Conceder as axudas económicas de emerxencia social solicitada con data 12/01/2026 segundo o artigo 7 da ordenanza destinada ao pagamento dun recibo de auga correspondente ao terceiro trimestre do ano 2025 por importe de 58,47 euros. Solicitante: ADChM

90/2026	03-02-2026	Conceder as axudas económicas de emerxencia social solicitadas con datas 21/11/2025 e 14/01/2026, segundo o artigo 7 da ordenanza destinada ao pagamento de: Recibo de luz por importe de 42,62 euros que comprende o período do 24/08/2025 ao 24/09/2025 Recibo de auga por importe de 81,56 euros que comprende o terceiro trimestre do ano 2025. Solicitante: FCS
91/2026	04-02-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
92/2026	03-02-2026	Aprobar a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos industriais interinos, encadrados na escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencentes ao subgrupo de clasificación profesional A2. Aprobar a designación dos membros integrantes do tribunal cualificador
93/2026	04-02-2026	Aprobar, con efectos do 1 de xuño de 2025, a relación de 5 baixas para participar no programa das escolas de actividade física e saúde 2025
94/2026	04-02-2026	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 21/01/2026, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: DFP
95/2026	04-02-2026	Considerar desistida a LCS da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 17/11/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
96/2026	04-02-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: PMRN
97/2026	04-02-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: FMV
98/2026	04-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social solicitada con data 16/07/2025, destinada ao pagamento do recibo de alugueiro do mes de xullo e parte do recibo de alugueiro do mes de agosto de 2025 por importe total de 600 euros, segundo o artigo 7 da ordenanza reguladora. Solicitante: ESLCh
99/2026	04-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: VPdeG
100/2026	04-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales

		nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: HCL
--	--	--

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo